



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 5

Sesión da Deputación Permanente
28 de xullo de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de vicepresidente ou vicepresidenta

Punto 2. Solicitude do Bloque Nacionalista Galego de convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente, coa seguinte orde do día: convocatoria dun pleno extraordinario que contemple na orde do día a comparecencia do conselleiro de Medio Rural diante da gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que está a sufrir o país e as deficiencias no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (doc. núm. 37197, 11/SCDP-000008)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 5.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 5.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta de dous puntos. (Páx. 5.)

Elección de vicepresidente ou vicepresidenta. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente lémbbralles aos presentes o procedemento para a elección dun novo vicepresidente ou vicepresidenta da Deputación Permanente, vacante por renuncia de don Diego Calvo Pouso (P), que, segundo o preceptuado polo Regulamento, será mediante votación secreta e por papeleta. (Páx. 6.)

O señor Puy Fraga (P) pide a palabra e intervén para informar da candidatura que apoia o seu grupo. (Páx. 6.)

Logo de repartidas as papeletas, a señora secretaria, Prado Cores, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados membros da Deputación Permanente ou, se é o caso, de quen substitúa algunha ou algún deputado titular, que depositan o seu voto na urna. (Páx. 6.)

O señor presidente, rematado o escrutinio, comunica o seguinte resultado da votación: votos a favor de dona Elena Candia López (P), 13; votos en branco, 10. (Páx. 6.)

Acadado o apoio necesario, queda proclamada vicepresidenta da Deputación Permanente dona Elena Candia López e pásase ao seguinte punto da orde do día.



Solicitud do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente coa seguinte orde do día: convocatoria dun pleno extraordinario que contemple na orde do día a comparecencia do conselleiro do Medio Rural diante da gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que está a sufrir o país e as deficiencias no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 7.)

Rolda do grupo parlamentario proponente: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 7.)

Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: Sra. Rodríguez Dacosta (S) (Páx. 10.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 13.)

Rolda de peche do grupo parlamentario proponente: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Rematado o debate, o señor presidente somete á votación a solicitude incluída neste segundo punto da orde do día. (Páx. 17.)

Votación da solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que contemple na orde do día a comparecencia do conselleiro do Medio Rural diante da gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que está a sufrir o país e as deficiencias no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais: rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 17.)

Remata a sesión ás doce e cincuenta e dous minutos do mediodía.



Ábrese a sesión ás doce e tres minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese esta sesión da Deputación Permanente.

Prégolle á secretaria, dona María Monserrat Prado Cores, que proceda á comprobación das asistencias.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Prado Cores): Moi bo día.

Luis Manuel Álvarez Martínez (Si.)

Xosé Luís Bará Torres (Si.)

María Elena Candia López (Si.)

Francisco José Conde López (*Substituído por Daniel Vega Pérez.*)

María Sol Díaz Mouteira (Si.)

María Leticia Gallego Sanromán (*Substituída por María del Carmen Rodríguez Dacosta.*)

Manuel Antonio Lourenzo Sobral (*Substituído por María González Albert.*)

Adrián Pardo López (Si.)

José Alberto Pazos Couñago (Si.)

Ana Pontón Mondelo (Si.)

María Corina Porro Martínez (Si.)

Paula Prado del Río (Si.)

Noa Presas Bergantiños (*Substituída por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro.*)

Pedro Puy Fraga (Si.)

José Manuel Rey Varela (*Substituído por Raquel Arias Rodríguez.*)

Olalla Rodil Fernández (Si.)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (Si.)

Julio Torrado Quintela (Si.)

Borja Vereza Fraiz (Si.)

Diego Calvo Pouso (*Substituído por Rubén Lorenzo Gómez.*)

Alfonso Rueda Valenzuela (*Substituído por Marta Nóvoa Iglesias.*)

María Montserrat Prado Cores (Si.)

Miguel Ángel Santalices Vieira (Si.)

Hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Hai dous puntos na orde do día. O primeiro é a elección de vicepresidente ou vicepresidenta e o segundo punto é a solicitude do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego da convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente coa orde do día da convocatoria dun pleno extraordinario.

Comezamos co punto primeiro.



Elección de vicepresidente ou vicepresidenta

O señor PRESIDENTE: De conformidade co preceptuado no artigo 56.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, procédese á elección da vicepresidencia, vacante por renuncia de don Diego Calvo, de acordo co procedemento establecido no artigo 36 do Regulamento do Parlamento de Galicia, cuxa votación será secreta por papeleta tras o chamamento nominal por orde alfabética das deputadas e deputados realizado pola señora secretaria.

Lémbrolles ás súas señorías que deben escribir un só nome na papeleta e que se considera nula se consta máis dun nome ou ten algún risco. Resultará elixido ou elixida quen obteña máis votos.

¿Están distribuídas xa as papeletas? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Pide a palabra o señor Puy Fraga.*) Diga, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Si, simplemente é para informar os grupos de que o cambio na vicepresidencia é, como vén sendo habitual, para que o vicepresidente primeiro da Cámara tamén forme parte da Mesa da Deputación Permanente. E, polo tanto, a persoa que vai apoiar o grupo é a vicepresidenta actual, Elena Candia. Simplemente é para informar os grupos disto.

O señor PRESIDENTE: Pois grazas.

Agora xa ten todo o mundo a papeleta. Vexo que si. Pois entón proceda, señora secretaria, ao chamamento. Vamos alá.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Prado Cores): Vou proceder ao chamamento e vou chamar os titulares, porque non me deu tempo a recoller os nomes dos suplentes. Por favor, cando nomee os titulares que voten os suplentes.

(*A señora secretaria, Prado Cores, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados membros da Deputación Permanente ou, se é o caso, de quen substitúa algunha ou algún deputado titular, que depositan o seu voto na urna.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Non queda ninguén por votar?

(*Pausa.*) (*Procédese a realizar o escrutinio.*)

O señor PRESIDENTE: O resultado é o seguinte: votos a favor de dona Elena Candia López, 13; votos en branco, 10.

Polo tanto, queda proclamada vicepresidenta da Deputación Permanente dona Elena Candia López.

Prégolle que ocupe o escano na Mesa para tomar posesión. Despois terá que volver aí ao estrado. En hora boa.



A señora VICEPRESIDENTA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Candia López): Grazas.

O señor PRESIDENTE: Pasamos xa ao punto segundo.

Solicitud do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente coa seguinte orde do día: convocatoria dun pleno extraordinario que contemple na orde do día a comparecencia do conselleiro do Medio Rural diante da gravísima situación na que nos atopamos pola vaga de lumes que está a sufrir o país e as deficiencias no Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

O señor PRESIDENTE: O desenvolvemento, como xa coñecen, consta dun tempo de dez minutos para o grupo proponente. Os grupos non proponentes tamén teñen un tempo de dez minutos. E hai un turno de peche do grupo proponente.

Comezamos, polo tanto, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o grupo proponente. E para iso ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día.

Señorías, 13.612 hectáreas queimáronse no Courel, 12.735 hectáreas en Valdeorras, 6.500 hectáreas no Invernadoiro, houbo centos de persoas desprazadas, 130 casas e edificacións, e mesmo algún núcleo de poboación, quedaron pasto das lamas, 250.000 animais silvestres e domésticos pereceron co lume. Estamos falando dos maiores incendios da historia de Galiza. Ardeu O Courel, ardeu a serra da Enciña da Lastra, ardeu o Invernadoiro. Estamos falando de zonas de Rede Natura, de parques naturais, de espazos de valor incalculable que teñen un valor tamén sentimental, económico e, desde logo, un valor ambiental importantísimo para Galiza. Todo isto quedou reducido a cinzas, por iso estamos hoxe aquí nesta Deputación Permanente, porque desde o BNG entendemos que o Parlamento non pode estar de vacacións mentres Galiza arde.

Galiza ardeu durante días, días de desesperación, de angustia, de rabia e de dor para todos os galegos e galegas, que viamos con impotencia como estaba ardendo o noso país; días de desesperación e angustia, sobre todo para quen viviu esta situación en primeira persoa. Falamos da veciñanza da Pobra do Brollón, de Folgoso do Courel, de Quiroga, de Palas de Rei, do Barco de Valdeorras, de Carballeda de Valdeorras, de Vilariño de Conso, de Oímbra; das persoas que perderon as súas casas en Alixo, na Veiga ou en Robledo de Domiz; das veciñas e os veciños de Vilamor, de Seceda, de Saa, de Pradoalbar, de Rioldolas, de Busto, da Veiga de Cascallá, de Candeda, de San Cibrao, de Rabal, de Nocado, de Parada dos Montes, de Videferre, de Outeiro, algúns dos lugares que máis sufriron os lumes. Non é posible poder mencionalos todos, aínda que quixera como xesto de recoñecemento ao seu esforzo e á súa loita contra as lapas. Hoxe mesmo está ardendo Castrelo de Miño nun incendio que tivo que ser declarado de nivel 2 —aínda que creo que xa está desactivado— porque tamén había risco para a vida das persoas e para as vivendas.



Por iso quero trasladar unha vez máis no meu nome e no nome do BNG o apoio e a solidariedade a todas as persoas que están sendo afectadas polos incendios e, moi en particular, ás que o perderon todo; incluídas as súas casas e todo o que había dentro, que son eses obxectos e eses recordos que tamén teñen un enorme valor para calquera persoa. Quero dicirles a todas elas que para o BNG é a primeira prioridade —despois dos lumes— traballar para que recuperen canto antes as súas vidas, as súas casas. E, nese sentido, solicitamos que as axudas públicas sexan inmediatas, rápidas e que cubran o custo total da reconstrución das casas, porque non pode ser nin un euro menos; axudas nas que, máis aló do papel que lles corresponde ás aseguradoras, deben contar coa colaboración de todas as administracións.

E por iso o BNG tamén propón que se solicite declaración de zona catastrófica para os concellos afectados por esta vaga de lumes, para que poidan contar con todas as axudas posibles para poder paliar este desastre económico, social e ambiental que deixan os incendios. Nese sentido, valoramos que o presidente Rueda aceptase levar esta proposta ao encontro que ten hoxe co presidente do Estado.

En segundo lugar, quero volver trasladar todo o recoñecemento e todo o agradecemento ao persoal dos servizos de extinción e loita contra o lume, que fan un traballo extraordinario e moitas veces en situación de precariedade. Non olvidamos nunca que nese labor están poñendo en risco as súas vidas. A todos eles e a todas elas tamén grazas de todo corazón polo seu esforzo. Pero tamén sabemos que o mellor recoñecemento que lles podemos facer, o que realmente esperan, é poder traballar sen o risco engadido da precariedade e da falta de medios. Neste Parlamento é ben coñecida cal é a posición do BNG sobre como debe de formularse todo o dispositivo de extinción —e moi concretamente a nosa posición sobre as brigadas municipais, porque entendemos que a extinción é unha competencia da Xunta de Galiza—.

Pero o que non é aceptable é que os medios que estaban previstos non estean operativos ao cen por cento en plena temporada de risco de lumes. Non é aceptable que os convenios cos concellos aínda non estean operativos na maior parte dos casos. Non o están nin os convenios para constituír as brigadas nin para as rozas mecanizadas nin para dispoñer de motobombas —e iso que os dous primeiros convenios teñen como principal obxectivo a prevención—. Estamos a punto de rematar xullo e o persoal que tiña que facer os labores de prevención aínda non está contratado pola tardanza do goberno do PP en asinar eses convenios. E isto é inexplicable tendo en conta que este non é un procedemento novidoso, que é algo que se repite ano tras ano.

Pero é que estes convenios non son os únicos que están incompletos. Isto tamén pasa co persoal que depende directamente da Consellería do Medio Rural, de tal xeito que en xullo, en plena temporada alta de lumes, temos o mesmo persoal que había en maio. Moitas das brigadas están incompletas, hai prazas que non se cobren dende hai anos e baixas que tardan moito en cubrirse. E sabemos que as vacacións do persoal directamente nunca se cobren. Desde o BNG reclamamos, unha vez máis, un servizo de prevención e extinción cen por cento profesionalizado e público, cun mando único e operativo os trescentos sesenta e cinco días do ano. Porque os lumes, señorías, se apagan en inverno.



Esta vaga de lumes que sufrimos estes días deixa tras de si un desastre económico, un desastre social e un desastre ambiental. E desde o BNG temos claro que non podemos facer coma que isto é algo normal, ten que ser un punto de inflexión. Basta de escusas, basta de propaganda e, sobre todo, basta de abandono do medio rural, basta de ter o territorio literalmente a monte —sen ordenar, sen limpar—, basta dunha política forestal fracasada. O abandono e a despoboación son combustible para os lumes, non podemos ter a maior parte de Galiza convertida nun polvorín.

Hai dous datos que reflicten moi ben o problema estrutural do que estamos falando.

Un é a superficie agraria útil. Galiza só ten o 21 % do seu territorio destinado a superficie agraria útil, e a media do Estado é o 50 %. E desta superficie só se destina a alimentos de consumo humano un 3,9 %, fronte ao 25 % da media do Estado. E, iso si, temos un 20 % do territorio forestado, mesmo ocupando o que antes eran terras agrarias; cunha cantidade de terras ilegalmente forestadas que é moi importante.

Ao abandono e á despoboación súmase o cambio climático, que provoca lumes de nova xeración que son cada vez máis voraces, cada vez máis difíciles de apagar. E teremos unha combinación letal para o noso territorio, unha combinación que destrúe o noso medio de vida, que destrúe o noso medio ambiente, que pon en risco infraestruturas, que pon en risco a seguridade das persoas e que nos deixa ao seu paso un desastre económico, ambiental e social.

Por iso desde o BNG dicimos que non se pode perder nin un minuto máis, que hai que actuar e que hai que facelo xa porque os incendios son un problema de primeira magnitude que hai que empezar a solucionar sen máis dilación. E sabemos que hai alternativas, sabemos cal é o camiño correcto: coidar o territorio; mantelo ordenado, limpo e produtivo; poñer o noso país a producir; apostar por un monte multifuncional; recuperar e mobilizar a terra agraria abandonada e poñela á disposición de quen quere producir; xestionar o territorio con gandería, agricultura e silvicultura. Todos os países avanzados teñen un medio rural produtivo e forte, e teñen prevención estrutural do territorio trescentos sesenta e cinco días ao ano. Porque non podemos ter o monte literalmente metido nas casas. En definitiva, o camiño é un rural vivo, produtivo e con servizos. Ese é o camiño que hai que percorrer se queremos ter futuro.

Nós sabemos que, fronte ao problema dos lumes, non hai solucións fáciles nin varas máxicas, e que isto non se vai resolver dun día para outro. Pero hai que empezar a traballar xa na dirección acaída se queremos chegar a tempo para salvar o noso territorio. E tamén cremos que hai que actuar no inmediato porque seguimos nun momento de máximo risco de lumes e non queremos que volvan repetirse os dramas de Valdeorras ou do Courel. Por iso o BNG pide a comparecencia do Goberno para que explique neste Parlamento como van corrixir a falta de medios, porque aínda queda moito verán por diante. Estamos nun verán moi seco no que xa mesmo empezamos a ver como moitos concellos teñen problemas de abastecemento.

Despois de que Galiza soportase os maiores incendios da súa historia, este Parlamento non pode estar de brazos cruzados. O Goberno ten que comparecer, ten que dar explicacións sobre o que fixo, ten que dar explicacións sobre a falta de medios e de persoal e, sobre todo, sobre



o que pensa facer para evitar que no posible volva repetirse unha situación como a que vivimos estes días.

Agardamos ter o apoio do resto dos grupos.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupos non propoñentes. Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Galicia vén de vivir momentos trxicos provocados polos incendios acontecidos na última quincena deste mes nas provincias de Ourense e Lugo, de consecuencias devastadoras aínda non calculadas, e algunhas irreversibles. Son considerados xa os peores do país dende que hai rexistros, con focos principais en tres zonas: O Courel —no que se xuntaron cinco lumes—, Valdeorras e Vilariño de Conso; e outros dous en Quiroga e Oímbra. Hai moitos concellos e parroquias afectadas, onte mesmo —como dicía a portavoz do BNG— era Castrelo de Miño —desactivado hoxe o nivel 2—. Afectan zonas protexidas, como O Courel e os parques naturais do Invernadoiro e da serra da Enciña da Lastra —do que farei unha mención á marxe—.

Segundo os últimos datos facilitados pola Consellería do Medio Rural, arderon 33.715 hectáreas —nuns días de pesadume, impotencia e dor para todos os galegos e galegas—. Por isto, tanto o PSdeG como este Grupo Parlamentario Socialista, fomos cautos nas nosas declaracións públicas ao entender que o primeiro e máis importante neses momentos era deixar traballar os medios de loita contra os lumes, solicitar máis e máis medios para loitar contra os incendios, axudar a todos os veciños que estaban sendo desaloxados das súas vivendas coa dor que isto significaba. E, por suposto, ante a terrible situación para moitos que presenciaban como perdían as súas aldeas e as súas vivendas e recordos —danos que, como dicía, son irreparables—, ademais de recoñecer o gran labor de todos os traballadores e traballadoras das diferentes administracións que loitaron contra o lume traballando en condicións extremas, pondo en perigo moitas veces as súas propias vidas, trasladamos as nosas condolencias, apoio e forza á veciñanza que perdeu os seus bens e o xeito de gañarse a vida. Porque o lume o leva todo, non deixa nin os recordos, só cinza, e sobre ela terán que comezar de novo porque non se pode abandonar o rural. E por iso tamén avogamos por todas as axudas que se poidan conceder, por todo o posible para que se poida reconstruír esta situación. E, por suposto, manifestamos o agradecemento infinito a todos os voluntarios e voluntarias que se uniron ao dispositivo contra incendios e medidas de apoio, sen esquecer tamén os técnicos e técnicas que de forma incansable daban o mellor de si mesmos ata quedar exhaustos.

Unha vez dito isto, e tratando esta reunión da Deputación Permanente da convocatoria dun pleno extraordinario diante desta gravísima situación na que nos atopamos polos lumes, o



Grupo Parlamentario Socialista entende que o conselleiro do Medio Rural debe comparecer. O conselleiro debe comparecer e explicar en sede parlamentaria distintas cuestións.

¿Con canto persoal contaba o operativo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios cando se iniciaron os lumes? Porque está claro que non estaba operativo ao cen por cento. Decía a organización sindical UXT, despois de trasladar o seu ánimo ao persoal, que a loita estaba sendo desigual en dous lumes de excepcional dimensión e simultaneidade que están poñendo a proba o noso operativo. «Somos conscientes de que a parte humana non está a fallar, o compromiso do persoal que compón o operativo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais está por riba do exixible, como a do persoal doutros operativos que están apoiando os labores de extinción e remate dos lumes. Pero non podemos» —dicía UXT— «dicir o mesmo do operativo antiincendios en xeral, que, estando a mediados de xullo e cunha previsión de episodios de altas temperaturas persistentes, non estaba ao cen por cento». Faltaban medios tan importantes como as brigadas dos concellos e parte das brigadas helitransportadas externalizadas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, que aínda estaban en fase de incorporación.

Tampouco estaba preparado o monte para o que lle viña enriba, con anos de políticas forestais erráticas, de medidas que practicamente invitaban a poboación a deixar o rural e a mudarse ás cidades en busca de traballos e servizos que lle negaban no rural. O abandono por parte dos nosos gobernantes desa xente que fixo que Galicia sexa tan especial para propios e alleos, e esa falta de actividade, vai creando un monte cunha carga de combustible brutal que leva a condicións óptimas para que se desencadee o desastre.

Tamén Comisións e CIG denunciaban a falla de medios humanos e materiais para atallar a onda de incendios. Comisións cualificaba de insuficientes os medios da Xunta para atallar os incendios e pedía a profesionalización dos brigadistas, unha plantilla estable. A CIG falaba de medios e situacións de abuso cos traballadores e traballadoras. Unión Agrarias reclamaba da Xunta que despregase de inmediato os medios de prevención e extinción previstos no Pladiga, nun ano especialmente complicado pola seca e nunha onda de calor —recordando que se trata da primeira parte da campaña e que se estenderá ata mediados de outubro—.

Os efectivos falan de descontrol, desastre e colapso, e o conselleiro debe dar explicacións. O Grupo Parlamentario Socialista leva anos reclamando un servizo de prevención e loita contra o lume único, profesional, estable e equipado —petición compartida polas organizacións sindicais e tamén polos expertos e organizacións ambientalistas—. E o feito de non ter mudado de políticas, a pesar das advertencias —como dicía— de organizacións sindicais, de organizacións agrarias e de grupos ambientalistas e de expertos, fai que deba comparecer o conselleiro do Medio Rural e deba dar explicacións.

O Grupo Parlamentario Socialista, como partido de goberno que é, leva tempo elevando propostas á Xunta de Galicia de reformulación do modelo forestal, da xestión forestal, de loita contra o abandono do rural e do sistema de loita contra os incendios con nulo éxito. Así o fixemos no ano 2019, cando votamos a favor das 123 medidas saídas do ditame dos expertos creado a raíz da vaga de lumes do ano 2017. E votamos a favor por responsabilidade. E o



conselleiro terá que explicar por que o Goberno galego non está a cumprir coas medidas aprobadas neste Parlamento. E por iso tamén debe comparecer.

O Grupo Parlamentario Socialista instaba a unha reformulación das brigadas municipais, advertindo das deficiencias estruturais coas que contan. Para empezar, segundo os convenios, poden ser contratadas como data límite ata o 31 de xullo —data a todas luces inapropiada para ter preparada a necesaria e preceptiva prevención—. Ademais, alertabamos da falla de titulados para formalas —como xefes de brigada—. Para darnos explicacións dos problemas de xestión da Consellería de Medio Rural na constitución das brigadas, non imputables, reitero, non imputables aos municipios en ningún caso, o conselleiro debe comparecer e darnos explicacións. E debe comparecer para dar conta de por que non reformulou o modelo ao ser consciente das carencias que tiña.

Debe comparecer para explicar por que non desenrola a Consellería do Medio Rural unha xestión forestal sostible sabendo que o principal problema para que se produzan os incendios é o abandono absoluto no que se atopa o noso rural, consecuencia do cal temos máis territorio improdutivo e cunha gran carga de biomasa. E debe explicar por que o Goberno galego desmantela cada vez máis servizos no rural.

Débenos explicar por que na nosa comunidade autónoma a silvicultura preventiva é practicamente inexistente. Debe explicar por que non mudou o modelo de gasto orzamentario, porque dedica case un 80 % nos últimos anos á extinción e un 20 % á prevención, cando todos coñecemos o informe do Consello de Contas do ano 2016.

Debe explicar o cambio de sistema estrutural de mando operativo e as deficiencias provocadas por isto. E debe explicar como os lumes da serra do Courel e do Invernadoiro, así como da serra da Enciña da Lastra, supuxeron unha catástrofe ecolóxica sen precedentes nas que crecen entre oitocentas e mil especies vexetais distintas, moitas delas endémicas, propias destas zonas.

Nunca no Courel houbo un incendio destas dimensións. E ¡que dicir da perda do Invernadoiro!, xestionado dende a Xunta de Galicia. Dende o ano 1984 é propiedade da Xunta de Galicia. Ardeu a metade do parque cunha perda ambiental irreparable e aínda está por valorar a perda da fauna que vivía nel. Falamos dunha gravidade extrema que fai que o conselleiro teña que dar explicación pola súa responsabilidade.

Pero quero incidir en que tamén tería que dala a conselleira de Medio Ambiente, desaparecida estes días cando ardían —repito— dous parques naturais e unha zona de especial conservación —falamos de Rede Natura—. Debe explicar a conselleira de Medio Ambiente que actuacións de conservación se estaban a levar a cabo nestes parques, e tamén que labores preventivos, mitigadores dos danos e da súa restauración. O Grupo Parlamentario Socialista entende que a Consellería de Medio Ambiente está agochada ante a barbarie ocasionada nestes días en zonas de especial protección medioambiental.

E tamén imos recordar unhas declaracións. Decía Feijóo: «*Fue el pueblo el que venció al fuego y suplió la incompetencia del Gobierno*» —*El líder del PP no dió respiro al presidente de la Xunta,*



Emilio Pérez Touriño, al analizar su gestión en la oleada que sufrió Galicia en la primera quincena de agosto—. Decía: «Aquí hubo improvisación, descontrol, incompetencia y soberbia». Frente a la labor del ejecutivo gallego, Feijóo contrapuso la determinación de los ciudadanos. «Fue el pueblo» —decía— «el que venció a los criminales y suplió la incompetencia del Gobierno» —ensalzó—. Para el presidente del PPdeG «el listón de la incompetencia queda tan claro que si no dimite nadie en esta crisis» —decía— «daría miedo imaginar qué tipo de catástrofe haría posible un cese de un miembro del Gobierno».

O Bipartito tomaba posesión en xuño de 2005. Non levaba un ano no Goberno cando sucederon os incendios do ano 2006, sen tempo a mudar políticas. Vostedes, os gobernos do Partido Popular, levan rexendo Galicia a maior parte dos anos dende que esta Comunidade Autónoma foi constituída. Deben explicarnos —tendo expresado neste asunto un diagnóstico tan contundente o propio presidente anterior da Xunta de Galicia e presidente actual do Partido Popular de Galicia— o que fixeron ao respecto para corrixilo —ou mellor, o que non fixeron e por que—; e tamén por que a este grupo parlamentario o tacharon de catastrofista e apocalíptico cando alertabamos de que esta situación era previsible.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Por todo iso, o voto será obviamente favorable.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra dona María Elena Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día a todas e todos.

Como non pode ser doutra maneira, eu quero que as miñas primeiras palabras nesta intervención leven tres mensaxes dunha maneira absolutamente contundente.

A primeira é de agradecemento a todo o persoal da Consellería do Medio Rural, dende todos os peóns, condutores de motobombas e técnicos ata o propio conselleiro; moi especialmente tamén a todas as persoas que con gran compromiso e de maneira voluntaria —veciños e veciñas— deron o mellor de si para axudar nunha situación francamente complexa; e, nomeadamente —o que non lle escoitei a ningunha das persoas que me antecederon no uso da palabra—, polo traballo coordinado e a dispoñibilidade, aos alcaldes e alcaldesas á marxe da cor política, que por suposto se puxeron tamén a disposición e traballaron dunha maneira absolutamente eloxiable.

A segunda mensaxe é de solidariedade e de empatía. Todos sabemos o que mide un ferrado en Galicia —que sabedes, ademais, que non mide o mesmo nuns sitios que noutros— pero o que é incalculable é a dor cando iso desaparece. A vinculación dos galegos e galegas á nosa terra é absolutamente envidiable por todo o mundo, e sabemos que as nosas edificacións son fogares non só das persoas, as vivendas, senón tamén dos animais. Creo que é un exemplo, o pobo galego, de compromiso coa súa terra. E en nome propio e do grupo que represento vaia a nosa solidariedade e a nosa empatía.



E a terceira mensaxe é de compromiso, compromiso en ser parte da solución. Eu quero tamén agradecerlle ao Goberno galego —nomeadamente, ao noso presidente— a áxil convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* o pasado 21 de xullo das axudas para reconstruír despois do que foi —coincido con vostedes— unha auténtica catástrofe. E nese aspecto este grupo traballará para impulsar e, como digo, axilizar e eliminar burocracia para que canto antes poidamos ver reconstruído o noso territorio.

Quero tamén dicir que non foi unha extinción dun lume, foi unha situación de verdadeira emerxencia civil con claro risco para a integridade das persoas. A señora Pontón facía unha enumeración moi exhaustiva —incluso dos animais da fauna salvaxe, o que me chamou a atención—. Pero afortunadamente nesa relación —afortunadamente, e dígoo por suposto coa man no corazón, porque todos o tiñamos encollido— non houbo que lamentar ningunha vida humana; que era e é, dende logo, a nosa prioridade.

O 1 de xullo arrancou o período alto de risco de incendios. Consta despregado todo un dispositivo de loita contra incendios na xeografía galega formado por máis de 7.000 efectivos. Señora Pontón, eu non vou meterme coas administracións locais. Podería dicirlle aquí que precisamente un dos concellos afectados, gobernado por un alcalde do seu mesmo partido político, nin pediu a brigada municipal. Pero non o vou facer porque me pareceu, ademais, un señor absolutamente responsable, co que puideron manter varias conversas nun dos peores días —que foi o luns, cando as temperaturas subían dos 39 graos— e no que vin francamente unha persoa absolutamente comprometida. Eu tamén hoxe aquí lle quero agradecer a súa actitude.

Os incendios acontecidos a semana pasada —e vou lelo porque me amparo en informes técnicos, que non son unha experta na materia— foron na súa maioría froito dun fenómeno atmosférico extraordinario: un sistema convectivo de mesoescala, que ocasionou 6.000 raios en Galicia na tarde-noite do pasado xoves 14 de xullo. Como consecuencia deste episodio rexistráronse 52 incendios forestais entre as 20.00 horas do xoves e as 8.00 horas do venres 15 de xullo —41 dos cales ocorreron entre as 20.00 e as 24.00 horas do propio xoves—. Con esta causa, os incendios máis importantes afectaron as zonas que vostedes identificaron.

Nestas zonas existe, ademais, unha importante carga de biomasa, sobre todo no Courel e en Valdeorras, ligada a unha perda de actividade agrícola e gandeira consecuencia dun reto que todos fixemos noso, que é, sen dúbida, ese reto demográfico no noso rural que afectou a Galicia nos últimos sesenta anos.

Pero tampouco foi menor —ambas incidían no mesmo— un elemento determinante que veu para quedar, que é o factor do cambio climático. Actúa como un elemento catalizador e o seu impacto nos incendios concrétese na tendencia a que estes sexan moito máis intensos e que se propaguen dunha maneira moi rápida. Eu tamén puideron escoitar dos veciños e veciñas, nos días de maior tensión e de maior preocupación, que a frase que máis se repetía era que nunca viran nada igual. Foi un lume virulento e errático que dificultaba intensamente as tarefas de extinción.

Todos sabemos que temos que construír unha mellor ordenación do uso do solo en Galicia. E aquí non me cansarei de agradecer esa man tendida que o Partido Socialista demostrou



tanto na Comisión dos lumes do 2017 como incluso non votando en contra no que considero como o instrumento que mellor diagnosticou o problema e que máis puxo enriba da mesa as solucións. Estoume a referir, como vostedes saben, á Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia. Pero é que lles digo máis: incluso en palabras do seu propio secretario xeral, estes días explicaba que non quería politizar os incendios e que en política non valía todo para chegar á presidencia —aínda que hoxe, despois de escoitar a súa voceira, parece que non coincide no plantexamento—, e si que lle agradezo, por suposto, esa altura de miras.

En palabras do profesor Juan Picos, decano da Facultade de Enxeñeiros de Montes de Pontevedra, o lume crea a súa propia meteoroloxía, co cal todo se produce dun modo rápido e impredecible. E nestes casos —sinala o mesmo experto— «o máis sensato é optar por unha solución conservadora, isto é, evacuar a poboación e protexer os efectivos de extinción, porque non sabes que dirección poden tomar nin por onde van actuar as lapas».

En definitiva, todos estes factores provocaron un comportamento dos lumes extraordinariamente virulento, errático e imprevisible; e, tanto grazas á rápida reacción e á operatividade do dispositivo como á implicación tamén da veciñanza, evitouse algo non menor: a perda de vidas humanas. Nós facémoslle unha proposta que segue co espírito iniciado nesa Comisión do ano 2017.

E non quero tampouco desperdiciar esta oportunidade para mandarlle unha mensaxe de tranquilidade aos afectados e dicir que esas axudas do Goberno galego, aprobadas o pasado 21 de xullo do ano 2020, traerán precisamente a axuda económica —que non, evidentemente, a emocional, que iso é impagable—. Son achegas para que os afectados poidan ter unha reconstrución, sempre de carácter subsidiario respecto a calquera outro sistema de cobertura de danos, públicos ou privados, do que poidan ser beneficiarios. Outorgaranse de forma directa, e quero destacar a importancia de que contarán con anticipos ou pagamentos á conta, que poderán acadar ata o cen por cento e que quedarán exentos da obriga de constituir garantías. É moi importante a protección no caso da vivenda habitual, concedéndose ata o cen por cento do custo da reposición ou reparación, tanto no edificio principal coma nas instalacións complementarias. Tamén, por suposto, están as axudas aos establecementos comerciais e a cobertura aos titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras. E un tema tampouco menor é que poderán ser beneficiarias as entidades locais —non me canso de recoñecer o traballo e a implicación dos nosos alcaldes e alcaldesas—.

Esa é a nosa proposta: que sigamos traballando na folla de ruta iniciada. Rexeitamos comparecer nestes momentos na Deputación Permanente para avaliar as consecuencias dos lumes. Se ben, por suposto, unha vez que remate o período de alto risco, compareceremos, pediremos a comparecencia do conselleiro para dar conta de toda a información. Neste momento creo que o urxente e o importante é a extinción onde sexa necesario, como dicía, e a reparación do dano causado. Por iso cómpre informar de que o conselleiro hoxe mesmo se atopa no Courel. Sigo insistindo na necesidade dun gran pacto autonómico en torno ao problema dos incendios.

E fago unha última reflexión —que sei que se me esgota o tempo—. Dicía a señora Pontón que a postura do BNG era moi clara e que todo o mundo sabía a súas indicacións. Eu —co



seu permiso— voulle contestar o mesmo que lle contestou o profesor Aymerich no ano 2006 ao voceiro do Partido Popular cando pedía o mesmo que pedía vostede agora: «Mire, francamente, non imos votar a favor da convocatoria dun pleno extraordinario, e non o imos facer porque é unha irresponsabilidade». E así tamén o considero, creo que todos os medios da Consellería do Medio Rural teñen que estar ocupándose do urxente e do importante: a extinción e a reposición dos danos causados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

Grupo parlamentario propoñente.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero darlle o agradecemento ao Grupo Socialista polo apoio a esta iniciativa. E a respecto da intervención que acaba de facer a portavoz do Partido Popular, gustaríame facer algunhas matizacións.

Primeiro, eu creo que é importante o rigor e que non se dean datos falsos neste Parlamento. Porque falan vostedes aquí de 7.000 efectivos. E nós preguntamos: ¿onde están eses 7.000 efectivos? O Pladiga recolle 5.400 efectivos na época de máximo risco. E sabemos neste momento que hai unha parte moi importante deles que non están operativos, porque a maioría das brigadas municipais non están operativas, e estamos falando de 1.300 persoas. Polo tanto, o primeiro é que non se minta e que non se faga propaganda cun tema tan grave; porque, desde logo, señores e señoras do Partido Popular, con datos falsos non se van apagar os lumes nin solucionar os problemas que ten este país. Da mesma maneira, efectivamente, aprobouse unha liña de axudas no Consello da Xunta pero non está publicada no DOG. Parece que se vai publicar esta semana pero de momento non está publicada. E non son polo cen por cento do valor da vivenda, teñen un tope de 122.000 euros. Están a tempo de corrixilo para que realmente haxa axudas polo cen por cento do valor das vivendas.

Dicían aquí vostedes que non se poden politizar os lumes. Eu creo que aquí quen os intentou nalgún momento politizar, demostrando que lle valía todo, era o Partido Popular. Porque a quen vimos con mocasíns, unha camisa branca e cunha «manguerita» facendo que apagaba lumes era o señor Feijóo, non a ningún deputado e deputada nin a ningún responsable político doutra forza política. Politizar os lumes é facer o que no seu momento fixo o Partido Popular: enviar unha directriz para que se dilatara a constitución de brigadas porque querían acusar o Goberno de lentitude; é dicir, entorpecer a constitución do dispositivo. E, desde logo, politizar os lumes son frases que eu creo que van quedar como demostración do que nunca debe facer ningún responsable político, afirmacións como que co Partido Popular non morría ninguén nos incendios. Iso si que me parece a peor das políticas e a demostración de que, efectivamente, non todo vale e non todos e todas somos iguais.

O que sorprende é que, para o Partido Popular, o Parlamento e a democracia poidan ser un estorbo. Estamos nunha situación que non é unha situación normal, que non é unha situa-



ción habitual e que require tamén unha resposta en termos democráticos. Porque está ben que o conselleiro poida ir visitar concellos, pero a súa responsabilidade é render contas ante o Parlamento de Galiza, que é a quen elixe a cidadanía deste país.

E estamos falando dunha situación moi grave, estamos falando dos incendios máis importantes que se viviron na historia deste país. Estamos falando de 130 casas afectadas polos lumes, estamos falando de miles de persoas evacuadas, estamos falando dun gravísimo desastre ambiental, social e económico. E, desde logo, estamos falando de darlles respostas a esas persoas que sentiron medo, que se sentiron indignadas ante a falta de medios e que reclaman solucións e alternativas. Nós o que exiximos neste momento é que o Goberno asuma as súas responsabilidades, porque, evidentemente, o Goberno non é responsable de que haxa unha tormenta, claro que non, o Goberno non é responsable diso. Pero si é responsable de como está o monte e si é responsable de como está funcionando o operativo. Se neste momento o operativo está incompleto, a responsabilidade é do goberno do Partido Popular. E, se levamos anos vendo como se poñen en marcha políticas que van na dirección contraria, tamén hai unha responsabilidade política. Porque, evidentemente, un monte ordenado, un monte limpo, un monte vivo, pode sufrir un lume pero non das dimensións que acabamos de ver. Porque o desastre que acabamos de ver non é só responsabilidade do cambio climático, hai un factor estrutural moito máis importante, que é o abandono, que é a falta de ordenación, que é a falta de medios e unha política forestal absolutamente fracasada.

Nós hoxe o que lle pedimos ao Goberno é que veña ao Parlamento a comparecer para darlles explicacións precisamente ás persoas que viviron en primeira persoa unha situación tan dura e tan difícil, pero tamén para dicirnos que medidas vai tomar para evitar que isto se poida repetir. Esa é a responsabilidade do Partido Popular, e lamentamos hoxe a negativa deste grupo a que se veñan dar explicacións na Cámara que representa a todos os galegos e a todas as galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Ben, pois rematado o debate, sometemos a votación esta cuestión.

¿Votos a favor da celebración dun pleno extraordinario? (*Votación a man alzada.*)

Dez votos a favor.

¿Votos en contra da celebración dun pleno extraordinario?


Trece votos en contra.

Polo tanto, queda rexeitada a proposta de celebración dun pleno extraordinario.

Non hai máis cuestións e damos por finalizada a sesión.

Remata a sesión ás doce e cincuenta e dous minutos do mediodía.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

